



INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2017 EN RELACIÓN Á ORDEN HAP/2105/2012

Antecedentes.

A Orden do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2105/2012 desenvolve as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, onde se establece as obrigas trimestrais de subministro de información pola Entidades Locais (art. 16), que deberan efectuarse por medios electrónicos a través da plataforma que o Ministerio habilite ao efecto. A remisión debe realizarse antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano.

O módulo do programa contable, confeccionado a tal efecto, facilita a maior parte da información que se debe transcribir á plataforma de captura do Ministerio, ademais de un ficheiro que se pode exportar á plataforma do Ministerio, trasladando os datos de ingresos e gastos.

A información correspondente á execución do 4º trimestre acumulado do presupuesto da Fundación de Deportes subministrase separadamente, realizándose a consolidación cos datos do Concello directamente pola plataforma virtual. O análise da capacidade de financiación e regra de gasto realizase sobre os datos consolidados.

Datos e Criterios utilizados. Analizamos a continuación cada un dos formularios:

Formulario F.1.1.1: Son datos correspondentes a execución presupostaria a 31 de decembro de 2017 por capítulo de gastos e ingresos, recolléndose os datos de obrigas e dereitos recoñecidos, así como pagos e ingresos líquidos. Reprodúcese os datos do módulo do programa contable.

Formulario F.1.1.2: Tratase do desglose da información do Formulario F.1.1.1 relativa a ingresos correntes. Reprodúcese os datos do módulo do programa contable.

Formulario F.1.1.3: Tratase do desglose da información do Formulario F.1.1.1 relativa a ingresos de capital e financeiros. Reprodúcese os datos do módulo do programa contable.

Formulario F.1.1.4: Tratase do desglose da información do Formulario F.1.1.1 relativa a gastos correntes. Reprodúcese os datos do módulo do programa contable.

Formulario F.1.1.5: Tratase do desglose da información do Formulario F.1.1.1 relativa a gastos de capital e financeiros. Reprodúcese os datos do módulo do programa contable.

Formulario F.1.1.8 Remanente Tesourería: Son os datos relativos ao Remanente de Tesourería. Reprodúcese os datos do módulo do programa contable. Non contempla saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento. Calcúlanse os saldos de dubidoso cobro.

Formulario F.1.1.9 Calendario de Tesourería: Tratase dos ingresos e pagos que se realizaron no 4 Trimestre do exercicio 2017, sendo necesario engadir os cobros e pagos non presupostarios e os cobros e pagos pendentes de aplicación definitiva, así como os fondos líquidos ao inicio do período.

Formulario F.1.1.10 Estado de Execución: Recolle o resumo do estado de execución de ingresos e gastos, establecendo os dereitos pendentes de cobro ao final do exercicio e as obrigas pendentes de pago.

Formulario F.1.1.A3/F.1.1.12: Correspón dese os datos de plantilla e efectivos extraídos do orzamento, da nómina do persoal adscrito á Fundación de Deportes, e da execución realizada ao longo do ano.

Formulario F.1.1.13 e F.1.1.14: Este Organismo Autónomo non ten débeda polo que non hai datos nestes formularios.

Formulario F.1.1B1: datos relativos á estabilidade, aplícanse os mesmos criterios que os considerados na elaboración do presuposto 2017. Aplicase tamén un axuste positivo por 4.059 € correspondente a gastos de exercicios anteriores aprobados e pagados no exercicio 2017.

Formulario F.1.1.B2: datos relativos á regra de gasto, á suma de gastos do capítulo 1 a 7 aplicase os axustes que corresponden (por obrigas pendentes de aplicar ao orzamento e por subvencións doutras administracións), segundo os datos que se reflexan na execución do orzamento 2017. En canto as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento o axuste consiste en tamén un axuste negativo por 4.059 € correspondente a gastos dos exercicios anteriores aprobados e pagados no exercicio 2017; así como un axuste negativo de 6.000€ pola subvención recibida da Deputación para enerxía eléctrica das instalacións destinadas a actividades deportivas.

Anexo IA5 Fluxos Internos: Neste estado recóllense as obrigas recoñecidas a outras unidades do Sector Público, que no presente caso non se reflecten porque os únicos datos serían os da seguridade social do persoal do Concello adscrito a Deportes e que se conteñen nos datos do Concello e se aplican en formalización á Fundación de Deportes. Para evitar duplicidades este fluxo interno recollese no Concello e non na Fundación de Deportes.

Anexo IB9 Conta Acredores por Devolución de Ingresos: Recolle os movementos e saldo das devolucóns de ingresos.

Anexo IB12 Gastos financiados con fondos doutras Administracións Públicas: Recolle as subvencións públicas recibidas de carácter finalista é os gastos que financian.

Os Formularios e/ou anexos non mencionados no presente informe debese a que este Organismo Autónomo non ten datos relativos aos mesmos.



Axustes internos entre o Concello e a Fundación de Deportes.

Comprobados os datos de obrigas recoñecidas do Concello por transferencia ao organismo autónomo e os dereitos recoñecidos da Fundación de Deportes polo mesmo concepto, existen diferenzas entre ambas entidades:

| CONCELLO | | FUNDACIÓN DE DEPORTES | |
|----------------------------------|---------------------|-----------------------|-----------------------------------|
| TOTAL OBRIGAS RECOÑECIDAS | 974.789,11 € | 974.789,11 € | TOTAL DEREITOS RECOÑECIDOS |
| AXUSTES | | AXUSTES | |
| | | | |
| | | | |
| TOTAL | 974.789,11 € | 974.789,11 € | TOTAL |

Conclusións:

A análise da capacidade de financiación e regra de gasto realizase a nivel consolidado, unha vez insertados os datos da Fundación e do Concello.

En canto a análise individualizada, cúmprese a capacidade de financiación tal e como se establece nas normas do Sistema Europeo de Contas. Sen embargo non se cumpre a regra de gasto por escaso marxe, xa que os gastos da liquidación do exercicio 2017 exceden dos gastos da liquidación do ano 2016 incrementados na tasa de referencia do 2,1%.

Remítense en prazo a información correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2017 en cumprimento da Orden HAP/2105/2012.

Vilagarcía de Arousa, 31 de xaneiro de 2018.

A INTERVENTORA DELEGADA

Asdo. Rosa M^a Otero Piñeiro

Rosa M. Otero Piñeiro's signature is written in blue ink across the top of her official circular stamp. The stamp is blue and contains the text "INTERVENTORA DELEGADA", "VILAGARCIA DE AROUSA", and "F.D." in the center, surrounded by a decorative border.